



CONSORCIO
CASCOVELLO
DE VIGO



Asunto: Notificación da adxudicación provisional do concurso alleamento en Real, 16.

O Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo, na súa reunión celebrada o día 8 de xullo de 2009, adoptou o acordo que se reflicte e que se lle traslada a efectos de notificación:

1 “Adxudicación á Asociación Provincial de Empresarios da Construción de Pontevedra (APEC) o alleamento dos bens semisoto, planta baixa e planta primeira do número 16 da rúa Real.

A mesa de contratación propón ao **Consello de Administración** a adopción do seguinte acordo, que por unanimidade adopta, coa corrección dun erro de feito apreciado na grafía da contía do IVE, que é de 130.907,30, en lugar do 1430.907,30:

Adxudicar provisionalmente á **Asociación Provincial de Empresarios da Construción de Pontevedra (APEC)** o alleamento dos bens semisoto, pranta baixa e pranta primeira que forman parte do inmovible de Real 16 en Vigo, por un importe de 818.170,64 euros IVE excluído. A esta cantidade correspóndelle un IVE de 1430.907,03 euros, correspondente ao 16% do prezo ofertado, polo que o importe total, IVE incluído, ascende á cantidade de 949.077,94 euros. Todo isto de acordo co proxecto e o prego de prescipcións técnicas e de Cláusulas Administrativas aprobados polo Consorcio Casco Vello de Vigo.

A adxudicación provisional considerarase elevada a definitiva no suposto de que no prazo de quince días hábiles contados dende a notificación para o adxudicatario, e dende a publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante, a efectos de terceiros, non se presentara ningunha reclamación e polo adxudicatario se aporten os documentos esixidos no Prego de condicións, cláusulas 8.4 e 9 como previos a adxudicación definitiva. O cumprimento destes requisitos deberá ser garantido coa incorporación ao expediente de certificación emitida pola Secretaria do Consorcio neste senso, e a conformidade do Xerente.”

EnVigo, a día 15 de xullo de 2009.

A Secretaria do Órgano de Contratación

Marta Riobó Ibáñez.

CONSORCIO
CASCOVELLO
DE VIGO